



### CONCELLOS

#### ANTAS DE ULLA

##### *Anuncio*

#### CONTA XERAL 2025

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 14 de maio de 2026, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen persoas interesadas poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Antas de Ulla, 15 de maio de 2026.- A alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 1264

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS**

Por Acordo do Pleno de data 14 de maio de 2026, aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora de Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

##### **«EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, representan un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo seu impacto na sostenibilidade económica dos veciños.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, **depósito e carga, así como o desprendemento involuntario de materiais asociado ao tráfico forestal**, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obrigan ao concello a realizar **gastos extraordinarios** para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráxicos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais aos cales ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráxicos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade co establecido polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Procede precisar que a presente Ordenanza regula o uso especial do dominio público viario municipal e non os aproveitamentos forestais en si, materia esta última de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e art. 27 do Estatuto de Autonomía). En virtude do art. 11 da mesma Lei 7/2012, as entidades locais conservan as súas competencias propias en materia forestal no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación autonómica, entre as que se atopa a regulación do uso especial das vías municipais cando o aproveitamento implique unha intensidade ou periculosidade extraordinarias.

A presente Ordenanza opera, polo tanto, no ámbito da relación administrado-Concello respecto ao uso da vía municipal, sen interferir co réxime de declaración responsable ou autorización autonómica establecido nos arts. 92 e 92 bis da Lei 7/2012 nin coas previsións do Decreto 73/2020.

Uso especial que, como xa se afirmou, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A pesar de que o municipio carece de competencias reguladoras da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, tamén é certo que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación da corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre a que o municipio non ten competencia, limitándose, por tanto, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o **depósito, carga e transporte** de madeira, cualificando tales usos como especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva **require gastos extraordinarios** a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que sufragan a medio de impostos e taxas que soportan.

A presente ordenanza pretende que ditos danos causados ao viario municipal sexan sufragados polos causantes dos mesmos, cando menos de maneira parcial.

A solidez xurídica desta regulación atopa apoio expreso na xurisprudencia recente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 4ª) núm. 108/2022, do 9 de febreiro de 2022 (recurso ordinario 15138/2021), ditada en relación con ordenanzas substancialmente análogas á presente —as aprobadas polo Concello de Ribeira de Piquín en idéntica materia— desestimou os motivos competenciais e substantivos esgrimidos pola mesma asociación recorrente que agora alega contra esta Ordenanza, declarando expresamente: *«as actividades extractivas de madeira comprenden operacións que implican unha intensidade do uso do dominio público local que se manifesta no grao de deterioro que sofre o viario municipal con estas operacións [...]. Que os camiños empregados no transporte da madeira non sexan transportes especiais, non significa que o uso ou utilización que fagan dos camiños de titularidade municipal non merezan a consideración de uso especial»* (Fundamento de Dereito 4º).

Sobre a competencia municipal e a non vulneración da Lei 7/2012, de Montes de Galicia, a mesma sentenza precisa con claridade no seu Fundamento de Dereito 5º que a regulación municipal non somete a licenza a actividade forestal, senón o uso especial do dominio público viario, e que a Administración local exerce con tal regulación o seu deber de conservación dos camiños de titularidade municipal: *«toda conservación implica intrinsecamente a regulación do uso de aquilo que se trata de conservar, mediante actos de tutela e defensa. As autoridades competentes para a conservación do dominio público sono así mesmo, para a vixilancia e regulación dos usos comúns e dos aproveitamentos especiais, polo que temos de concluír a competencia do Municipio para regular os usos dos camiños rurais»* (FD 6º).

Esta doutrina galega aliñase coa xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo, en particular a Sentenza do 11 de febreiro de 2014 (recurso de casación 744/2011), expresamente recollida pola STSXG 108/2022, segundo a cal: *«con carácter general o en principio, no son iguais, ni sirven por ello como términos de comparación a los efectos de aplicar aquel único precepto que se denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros. No lo son, incluso, aun en supuestos de vehículos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, sólo por ello, que incidan otras circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los tránsitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte»*.

Esta doutrina non constitúe un precedente illado, senón que forma parte dunha liña xurisprudencial reiterada e consolidada. Con data de 9 de febreiro de 2022 —o mesmo día en que foi ditada a STSXG 108/2022—, a mesma Sala pronunciou un conxunto de sentenzas sobre ordenanzas substancialmente idénticas á presente, aprobadas por concellos da provincia de Lugo, en todos os casos a instancia da mesma Asociación Provincial de Empresarios de Primeira Transformación de la Madera de Lugo (LUGOMADERA). Entre as identificadas, a Sentenza núm. 107/2022 (recurso ordinario 15137/2021, Concello de A Pontenova), a Sentenza núm. 111/2022 (recurso ordinario 15136/2021, Concello de Meira), a Sentenza núm. 105/2022 (recurso ordinario 15131/2021, Concello de Riotorto) e a Sentenza núm. 109/2022 (sobre outra ordenanza luguense do mesmo paquete normativo, citada expresamente no informe da Deputación de Lugo de cooperación e asistencia ao Concello en materia de alegacións). Todas elas aplican exactamente a mesma doutrina, declarando en todo caso a conformidade a Dereito das respectivas ordenanzas reguladoras do uso común especial. A STSXG 105/2022, relativa ao Concello de Riotorto, é especialmente relevante por desestimar o recurso na súa integridade, tanto respecto da ordenanza reguladora do uso común especial como da ordenanza fiscal reguladora da taxa. A doutrina favorable á competencia municipal e á cualificación das actividades extractivas de madeira como uso especial do dominio público viario constitúe, polo tanto, xurisprudencia reiterada da Sala galega.

A competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49, 80 e 82 da Lei 7/1985, antes referenciada. No mesmo sentido cómpre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3, 4, 44, 76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre as normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A esixencia de licenza municipal para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- A esixencia da prestación dunha garantía que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos e transportes autorizados.

## TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

### Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

1.1. De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Antas de Ulla establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de **depósito, carga e transporte** de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o **depósito, carga e transporte** de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2. Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

### Artigo 2.- Actividades excluídas.

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpezas de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras

### Artigo 3.- Definicións.

Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- **Actividade forestal:** aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

- **Saca de madeira:** deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

- **Empresa madeireira:** persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

**Artigo 4.- Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Antas de Ulla, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

**TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO****Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira.**

Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente, ou en calquera outro dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

**O prazo máximo para resolver e notificar a resolución da solicitude de licenza será dun (1) mes, contado dende a data de entrada da solicitude completa no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 24.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.**

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- Datos identificativos da empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación das vías de titularidade pública a utilizar, así como calquera outra propiedade: nome e plano coa traza do mesmo.
- Reportaxe fotográfica do estado inicial das vías e propiedades a utilizar.
- **Copia ou identificación do expediente do permiso, autorización ou licenza de corta** expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- Copia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións. O solicitante asume a responsabilidade da veracidade do documento presentado, conforme ao artigo 28.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo da facultade do Concello de solicitar de forma motivada o cotexo do orixinal cando a relevancia do documento o esixa, conforme ao artigo 28.5 da mesma Lei.
- Xustificante do depósito da garantía ou aval bancario.
- **Declaración responsable do titular da licenza de dispoñer dos permisos e autorizacións privadas necesarias para acceder ás propiedades, eximindo expresamente ao Concello de calquera responsabilidade derivada de discrepancias civís entre particulares.**
- Plano de situación do recorrido polo que se vai circular, así como dos espazos utilizados para o depósito e acopio, provinte da explotación forestal.

Se con posterioridade á presentación da comunicación xurdisen novos aproveitamentos de parcelas non incluídas na mesma, poderanse ir incorporando á comunicación inicial, sempre e cando se empreguen as mesmas vías de saca ou os mesmos lugares de depósito.

O Concello de Antas de Ulla terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude, cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa, sen prexuízo da correspondente sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación da mesma.

### Artigo 6.- Responsables.

A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado.

O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira, con consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

### Artigo 7.- Obrigas.

A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custos da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen **nas vías municipais ou no dominio público local en lugares non autorizados**. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

**Sen prexuízo do cumprimento das obrigas que en materia de xestión de restos forestais en monte sexan esixibles conforme á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e demais normativa sectorial**, as empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

Prohíbese iniciar os traballos de corta e saca de madeira sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira, **salvo que as condicións climatolóxicas o impidan, en cuxo caso o cumprimento se realizará na primeira xornada en que tales condicións o permitan, comunicándoo previa e motivadamente ao Concello**.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

### Artigo 8.- Fianza.

As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada coa comunicación previa) establécense **dous conceptos**:

CONCEPTO	GARANTÍA
Vías públicas municipais con firme de terra, zahorra ou semellante	1.200 €/km ou fracción
Vías públicas municipais con firme de formigón, asfalto, aglomerado ou semellante	2.500 €/km ou fracción

A garantía deberá depositarse na Tesourería municipal do Concello de Antas de Ulla en calquera das formas establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que deberá ser acreditado na comunicación previa.

No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, non incluídas na comunicación previa inicial, e para os efectos do cálculo da fianza a aplicar, deberá computarse o volume total de madeira extraída desas parcelas, respectando o recollido no artigo 5 desta ordenanza.

Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, poderá solicitar a devolución da fianza, utilizando o modelo anexo a esta ordenanza.

**O Concello disporá dun prazo dun (1) mes desde a solicitude de devolución para realizar a comprobación final do estado das vías polos servizos técnicos municipais. Acreditada a inexistencia de danos, ou unha vez reparados os mesmos polo titular ou pola Administración mediante execución subsidiaria, procederase á devolución da garantía no prazo máximo dun (1) mes desde a comprobación favorable. A devolución da garantía non implica a renuncia á reclamación de danos posteriormente detectados que tivesen a súa orixe nas operacións amparadas pola licenza.**

A garantía prevista neste artigo ten carácter administrativo e non tributario, non constituíndo ingreso público, salvo no caso de execución subsidiaria ou incautación conforme ao artigo 102 da Lei 39/2015.

#### **Artigo 9.- Requirimentos. Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.**

Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes, **prazo que poderá ampliarse de forma motivada cando concorran circunstancias climatolóxicas adversas que impidan obxectivamente a execución dos traballos, debendo o interesado comunicalo motivadamente ao Concello con anterioridade ao seu vencemento.** Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, repercutindo contra o obrigado, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

O Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

## **TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIONES**

### **Artigo 10.- Infraccións.**

Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

As infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

#### **Constitúen infraccións moi graves:**

- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación efectiva de risco para a seguridade viaria, debidamente acreditada por informe técnico municipal.
- Causar danos nas vías municipais por valor superior a 9.000,00 €, segundo informe técnico municipal emitido para o caso.
- Cometer no prazo dun ano dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

#### **Constitúen infraccións graves:**

- Non presentar a solicitude de licenza para a realización das operacións reguladas nesta ordenanza, fose ou non requirida polo Concello a súa presentación.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade que, sen alcanzar o suposto previsto como infracción moi grave, exceda do estado normal de uso, segundo informe técnico municipal.
- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000,00 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais.
- Cometer, no prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

#### **Artigo 11.- Sancións.**

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 €.
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 € e 1.500,00 €.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 € e 3.000,00 €.

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se aboaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constringimento, sen prexuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

##### **Primeira.**

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

##### **Segunda.**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**ANEXO I**

## SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA

**Datos da empresa madeireira**

Denominación: \_\_\_\_\_

N.I.F./C.I.F.: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Representante/Responsable da empresa: \_\_\_\_\_

N.I.F. do representante/responsable: \_\_\_\_\_

**Datos da propiedade forestal**

Especie de madeira obxecto da corta: \_\_\_\_\_

Volume total da madeira (t): \_\_\_\_\_

Nome das fincas ou montes afectados, lugar e parroquia: \_\_\_\_\_

Identificacións catastrais (polígono / parcela): \_\_\_\_\_

**Datos do aproveitamento forestal**

Datas previstas de inicio e remate: \_\_\_\_\_

Lugar onde se depositará a madeira: \_\_\_\_\_

Viario municipal, ou outros trazados alternativos, a empregar para o transporte da madeira cortada:  
\_\_\_\_\_**Documentación que se achega:**

- CIF da empresa solicitante e DNI do representante.
- Identificación do camiño ou vía municipal a utilizar: nome e plano coa traza do mesmo.
- **Copia ou identificación do expediente do permiso, autorización ou licenza de corta** expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- Copia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- **Declaración responsable do titular da licenza de dispoñer dos permisos e autorizacións privadas necesarias para acceder ás propiedades, eximindo expresamente ao Concello de calquera responsabilidade derivada de discrepancias civís entre particulares.**
- Reportaxe fotográfica do estado inicial das vías e propiedades a utilizar.
- Plano de situación do recorrido polo que se vai circular, así como dos espazos utilizados para o depósito e acopio.

Antas de Ulla, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.**

**ANEXO II**

## COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA

**Datos da empresa concesionaria da licenza**

Denominación: \_\_\_\_\_

N.I.F./C.I.F.: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Representante/Responsable da empresa: \_\_\_\_\_

N.I.F. do representante/responsable: \_\_\_\_\_

**COMUNICA:**

Que os traballos obxecto da licenza municipal por actividades extractivas da madeira concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data \_\_\_\_\_, remataron en data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

**SOLICITA:**

Que se devolva a fianza depositada polos traballos mencionados.

Antas de Ulla, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.»**

Contra o presente Acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 15 de maio de 2026.- A alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 1265

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL**

Por Acordo do Pleno municipal de data 14 de maio de 2026, apróbase inicialmente a modificación puntual do cadro de persoal vixente do Concello de Antas de Ulla, no relativo á denominación da praza PL01, nos seguintes termos:

**Denominación actual:** "Encargado/a Biblioteca".

**Denominación que se aproba:** "Director/a Técnico/a Auxiliar da Biblioteca Pública Municipal".

Mantéñense inalteradas todas as demais características da praza: réxime de persoal laboral fixo, grupo retributivo 03, xornada de vinte (20) horas semanais, salario base, trienios e demais conceptos retributivos.

De conformidade co disposto no artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as reclamacións que se estimen pertinentes.

No caso de que non se presenten reclamacións durante este período, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial e a modificación considerarase aprobada.

Antas de Ulla, 15 de maio de 2026.- A alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 1266

### **BURELA**

#### *Anuncio*

#### **EXPEDIENTES 353/2026 E 354/2026 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2026.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 30 de abril de 2026 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.227,76 €, correspondendo 1.055,10 € a libre concorrencia e 9.172,66 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 5 de maio de 2026.- A alcaldesa - presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1267

## CHANTADA

### Anuncio

**EXPTE: 1298/2026**

**Procedemento: Contratación personal**

**Modo: CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO**

**Personal: Laboral Temporal**

**Adscripción: Area de Deportes**

**Posto: Monitor/a Deportivo-Socorrista**

Por Resolución da Alcaldía de data 18 de maio de 2026 acordouse a publicación das seguintes

#### **BASES XERAIS**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org).

Estas Bases son xerais, polo cal acodirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases específicas.

**Características da praza vacante obxecto da convocatoria** segundo a Relación de Postos de Traballo vixente neste Concello:

Codigo dos postos	6117A
Grupo Laboral	IV
Denominación da praza	Monitor/a Deportivo-Socorrista
Réxime	Personal Laboral Temporal
Unidade/Área/Servicio	Deportes
Titulación exigible	Graduado ESO
Sistema selectivo	Concurso-Oposición

#### **Para atender as seguintes circunstancias laborais nas distintas instalacións deportivas municipais:**

- Impartición da formación deportiva conforme á organización e planificación propia da dirección.
- Inventario do material deportivo e solicitude do necesario.
- Labores de apertura e peche de instalacións.
- Atención ao público en instalacións deportivas.
- Atención á seguridade dos usuarios/as da piscina e facer cumprir as normas.

- Resolver emerxencias médicas.
- Manexo do equipo de salvamento acuático.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o seu superior xerárquico

### **SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, do 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

### **TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

A. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

B. Estar en posesión da titulación de esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

C. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

D. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

E. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

F. Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o esixido para cada praza nas Bases Específicas.

G. Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

H. Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados, cando esta proceda, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e deberán expresalo no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

#### **CUARTO.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr.Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo o correo electrónico: [persoal@concellodechantada.org](mailto:persoal@concellodechantada.org) remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

#### **QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

##### **5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

##### **5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**

##### **5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

##### **5.6.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS...) DEBIDAMENTE COTEXADA.**

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

### **5.7.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.**

Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección pola quenda de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

### **SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo; e estará constituído por:

- 1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral dunha administración.
- 2) **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría dos votos dos seus membros presentes.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

### **PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

**SÉPTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**- FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica e/ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordos coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter teórico/práctico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

**- FASE DE CONCURSO.**

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superalos exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

**OITAVO.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de tres días hábiles para que polos interesados poidanse formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicárase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

**NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados, así como da acreditación do coñecemento da lingua galega.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

#### **DÉCIMO.- BOLSA DE TRABALLO**

Os aspirantes que teñan superado a fase de oposición pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertadas pasarán a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes de monitores deportivos no Concello de Chantada, que terá unha vixencia de catro anos. Por decreto da Alcaldía o prazo podería prorrogarse por dous anos máis.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

#### **UNDÉCIMO.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

#### **DUODÉCIMO.- RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

**ANEXO I.****BASES ESPECÍFICAS DO POSTO MONITOR/A DEPORTIVO/A-SOCORRISTA PARA PRESTACIÓN DE SERVICIOS INDISTINTAMENTE NAS ESCOLAS DEPORTIVAS E PISCINAS MUNICIPAIS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL OU COMPLETO SEGUNDO AS NECESIDADES, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É obxecto das presente bases a contratación dun/ha monitor/a deportivo/a socorrista do Concello de Chantada, para a prestación de servizos indistintamente nas escolas deportivas e piscinas municipais; persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal por circunstancias imprevisibles da produción.

**Modalidade do contrato. Xornada de traballo:**

A modalidade do contrato é "EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS IMPREVISIBLES DA PRODUCCIÓN"

A xornada de traballo será a media xornada ou xornada completa segundo as necesidades, de luns a domingo. Os traballos a realizar poderán ser a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos e festas locais; debendo contar os traballadores con plena dispoñibilidade.

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias de monitor deportivo a prestar tanto nas escolas deportivas como nas piscinas climatizadas interiores e exteriores do Concello, ou ben, cando corresponda, en actividades relacionadas programadas con motivo de participación en competicións ou eventos organizados no propio termo municipal ou localidade onde os actos se celebren; conlevando a impartición de tódalas materias que se desenvolven nas escolas deportivas e recinto das piscinas municipais. Corresponderá así mesmo, ademais de levar a cabo as tarefas propias do posto, aquelas outras que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación co posto a desempeñar

**4.- Requisitos imprescindibles:**

- Celga 3 ou equivalente. Se non se pode acreditar o requisito de Celga 3, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** E.S.O. ou similar.

**6.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**A) Fase de oposición.** De carácter eliminatorio.

**B) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

**A) FASE DE OPOSICIÓN 6,00 puntos.** Consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será cualificado de 0 a 6.00 puntos.

O exercicio consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 60 minutos a un exame tipo test de 30 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0.2 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 3.00 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas restarán 0.1 puntos sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame de tradución dun texto do castelán ó galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para a outra proba.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**B) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 6.00 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

1) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,10 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

2) Formación : Máximo 1 punto. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados directamente coas actividades a que se refire o posto obxecto da convocatoria.

- |   |              |
|---|--------------|
| - Cursos de duración de ata 100 horas   | 0,10 puntos  |
| - Cursos de máis de 100 horas e ata 150 horas                                       | 0,15 puntos. |
| - Cursos de máis de 150 horas e ata 250 horas:                                      | 0.20 puntos. |
| - Cursos de máis de 250 horas   | 0.25 puntos. |
| - Licenciatura ou grado en Ciencias da Actividade física e o deporte ou equivalente | 1.00 punto.  |
| - Diplomatura mestre educación física ou equivalente                                | 0.75 puntos. |
| - Técnico superior de animación de actividade física e deportiva ou equivalente     | 0.50 puntos. |
| - Título de socorrista habilitado   | 0.50 puntos. |

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

## **ANEXO II TEMARIO**

### **A).- Xeral:**

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. Principios reitores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- Organización territorial do Estado e as competencias municipais.

Tema 4.- O municipio: Concepto e elementos. A Organización municipal.

Tema 5.- A iniciativa económica das Entidades locais e a reserva de servizos a favor das entidades locais. O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión os servizos públicos locais.

### **B).- Específicos:**

Tema 1. ACTIVIDADE FÍSICA E SISTEMA CARDIOVASCULAR. Xeneralidades. Volume cardíaco-minuto. Sistema circulatorio durante o exercicio. Frecuencia cardíaca. Estímulos de adestramento.

Tema 2. ACTIVIDADE FÍSICA E SISTEMA RESPIRATORIO. Xeneralidades. Capacidade total pulmonar. Capacidade vital. Factores determinantes da capacidade vital. Efectos do exercicio sobre o sistema respiratorio.

Tema 3. AVALIACIÓN DA CONDICIÓN FÍSICA. Conceptos e clases de avaliacións. Obxectivos da avaliación. Datos que ha de reunir un test motor. Vantaxes das probas de avaliación. Frecuencia na súa aplicación. Exemplos de test. Actitude física. Rendemento deportivo.

Tema 4. O QUECEMENTO. Definición. Obxectivos. Factores a ter en conta. Actividades a realizar durante o quecemento. Tipos de quecemento. Volta á calma.

Tema 5. PRIMEIROS AUXILIOS. Normas xerais. Traumatismos. Corpos estraños. Intoxicacións. Casos urxentes. Técnicas de urxencia. Respiración artificial. Masaxe cardíaca.

Tema 6. ADESTRAMENTO PARA A TERCEIRA IDADE. Adaptacións que se producen no organismo. Sistema muscular. Sistema Cardiovascular. Sistema respiratorio. Adestramento aeróbico. Frecuencia, duración, volume, intensidade e progresión.

Tema 7. ADESTRAMENTO DEPORTIVO. Frecuencia semanal. Duración ou volume. Intensidade. Progresión.

Tema 8. PLANIFICACIÓN ANUAL DO ADESTRAMENTO. Programa de mellora da actitude física. Período de acondicionamento físico. Período de consecución de forma. Período de mantemento da forma. Período de transición.

Tema 9. Decálogo do socorrista. Exame regrado do paciente. Exploración primaria: pulso, respiración, presión arterial, sensorio.

Tema 10. Alteración da conciencia. Traumatismos. Ahogamiento: clasificación.

Tema 11. Agresións por corpos estraños: Vías respiratorias baixa, nariz, oídos, ollos. Manobra Heimlich.

Tema 12. Lesións sobre a pel: contusións e feridas. Lesións vasculares: hemorraxias. Lesións sobre o óso. Lesións musculares. Accidentado de columna vertebral: Causas, signos. Protocolo de intervención en T.E.C.E.M.A. Lesións por calor: Insolación, síncope de calor, golpe de calor. Hidrocucción. Picaduras.

Tema 13. O socorrista e a súa preparación. Vixilancia eficaz. Criterios. Clases de vixilancia. Salvamento en piscinas: Tarefas e responsabilidades do socorrista acuático en piscinas. Condicións ideais para salvamento en piscinas. Equipo básico de salvamento en piscinas.

Tema 14. Ahogamientos: Fases do ahogamiento. Consellos para evitar ahogamientos.

Tema 15. Factores a ter en conta para elixir a forma de entrar á auga. Obxectivos dunha correcta entrada á auga. Diferentes formas de entrar á auga. A flotación: definición e tipos.

Chantada, 18 de maio de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

**ANEXO III. MODELO DE INSTANCIA**

D./D.ª \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
número/s de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_. C.P. \_\_\_\_\_  
Dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

( ) Monitor/a deportivo/a-Socorrista.- (Funcións: Apartado 3 do Anexo I)

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de socorrista.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

O/A Solicitante,

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

**ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./D.ª \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
número/s de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_  
e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_

**DECLARA** baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

( ) Monitor/a deportivo/a-Socorrista.- (Funcións: Apartado 3 do Anexo I)

convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B. Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C. Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

O/A Solicitante,

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

R. 1283

**FRIOL***Anuncio***Elaboración e aprobación do Orzamento Municipal 2026**

Expediente número: 274/2026

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de maio de 2026, o Orzamento Municipal, para o exercicio económico de 2026, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, así como do artigo 202.2 da Lei 2/2005, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por un prazo de quince días hábiles, no caso do Orzamento e do cadro de persoal, e de vinte días, no caso da relación de postos de traballo -que empezará a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán dirixirse ao sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Friol, 15 de maio de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1268

**LOURENZÁ***Anuncio*

Bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: un xardineiro, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025)

Por Resolución da Alcaldía de data 14/05/2026 apróbase a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: un xardineiro, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025).

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace [www.concellodelourenza.gal](http://www.concellodelourenza.gal), no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 18 de maio de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1284

**LUGO***Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 2908/2026 de 9 de abril de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **primeiro trimestre de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizaraos por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **15 de abril ata o día 15 de maio de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

R. 1269

---

### *Anuncio*

#### **Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 2954/2026 do 10 de abril de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de **MARZO de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 20 de abril ata o día 20 de maio de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 13 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

R. 1270

---

### *Anuncio*

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Faise saber que o abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 05 de maio ao 06 de xullo do ano 2026, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana e do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica correspondentes ao exercicio 2026.

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o cobramento do Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de xuño de 2026.

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 05 de xuño polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 05 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectualo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un

duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 05 de agosto de 2026 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 5 de maio de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 1271

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo, ditou a Resolución núm. 2026-0135, o día 18 de maio de 2026, que literalmente di:

#### **“RESOLUCIÓN ALCALDÍA**

#### **APERTURA, POR TERCEIRA VEZ, DA BOLSA DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR VIXENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO**

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2025-0025, do 4 de febreiro de 2025, o Alcalde avogou a competencia para sí da Xunta de Goberno Local, ante a imposibilidade da súa celebración e aprobouse a CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO 2025-2027 PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E DE PRESTACIÓN BÁSICA), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, BOP núm. 33, do 10 de febreiro de 2025.

O 10 de febreiro de 2025, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 33, o anuncio da devandita convocatoria e das bases que regulaban este proceso selectivo.

Tal e como se aprobou na citada Resolución esta bolsa estará vixente por un período de 2 anos desde o día seguinte ao da publicación no BOP, isto é, ata o 10 de febreiro de 2027.

Posteriormente, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2025-0082, do 2 de abril de 2025, o Alcalde avogou a competencia para sí da Xunta de Goberno Local, ante a imposibilidade da súa celebración e aprobouse a APERTURA, POR PRIMEIRA VEZ, DA BOLSA DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR VIXENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, BOP núm. 79, do 5 de abril de 2025

Tal e como se reflicte no Informe da Traballadora Social Municipal do 26 de decembro de 2025, no que se fai constar que é necesaria a contratación de varias auxiliares de axuda no fogar, todas por un período de seis meses, a tempo completo; unhas para cubrir as baixas por Incapacidade Temporal (actualmente 3 Auxiliares de baixa por IT), así como para cubrir as vacacións do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, para esta anualidade, o antes posible.

A traballadora Social emite un Informe o 18 de maio de 2026, no que se cita expresamente, que na segunda apertura da bolsa, presentáronse 2 persoas, das que só 1 estivo interesada no emprego e que se contratou. Neste momento temos sen cubrir unha auxiliar de baixa por IT, unha auxiliar en excedencia e necesítanse catro auxiliares para cubrir as vacacións.

Visto polo tanto, que non hai persoas dispoñibles na bolsa de emprego, e que se deben contratar de forma urxente catro auxiliares para cubrir as vacacións, á vista do anterior e coa fin de manter un servizo de calidade, en virtude de razóns de urxencia e interese público, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Avogar a competencia de forma puntual e aprobar a apertura, por terceira vez, da bolsa de auxiliares de axuda no fogar vixente no Concello de Mondoñedo ao abeiro da cláusula décima, aliñado 6, da Resolución da Alcaldía 2025-0025 do 4 de febreiro de 2025, pola que se aproba a Convocatoria e Bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, para a Área de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo para a prestación do servizo do SAF (servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica), co obxecto de dispor a apertura da bolsa por un prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos oportunos. A efectos informativos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal/>) a convocatoria e as bases da bolsa vixente, así como o presente acordo.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presenta Resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Así o ordena e asina o Sr. Alcalde.

Mondoñedo, na data de sinatura dixital

O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide. Ante min, a secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García (documento asinado dixitalmente á marxe)”

Mondoñedo, 18 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1285

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 18 de maio de 2026, nº 2026-0140, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** e posterior contratación de **catro peóns de obras públicas**, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación dos Concellos 2026, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego).

**Duración do Contrato:** Seis meses.

**Prazo de presentación de solicitudes:** nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web **[www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)** e no **taboleiro de edictos** do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, 18 de maio de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1286

## PANTÓN

### *Anuncio*

**Acordo do Pleno do Concello de Pantón polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 12/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.**

O Pleno desta Entidade, en sesión ordinaria celebrada o día 18.05.2026 acordou a aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta Entidade [dirección <https://panton.sedelectronica.gal/info.0>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Pantón, 18 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1287

**POL***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de maio de 2026, aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social a xornada completa e por unha duración máxima de 12 meses como persoal temporal ao abeiro das subvencións da Xunta de Galicia para transferencias finalistas para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012, do 16 de marzo e bolsa de reserva. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol, así como no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Pol, 18 de maio de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1288

**A PONTENOVA***Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE ABRIL 2026.**

Por Resolución de alcaldía de 13 de maio de 2026, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobadas se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de xuño de 2026 ao 12 de agosto 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de xuño de 2026 ao 12 de agosto de 2026**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal da **Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado éste, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina,

A Pontenova, 14 de maio de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1272

**RIBADEO***Anuncio*

Na sede electrónica do Concello de Ribadeo están publicadas integramente as Bases específicas para a cobertura con funcionario interino da plaza de Arquitecto Técnico/Aparellador, posto 0302/U da RPT grupo A, subgrupo A2, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica.

De conformidade co previsto nas referidas Bases o prazo para presentación de solicitudes será de **10 DÍAS naturais** contados a partir do seguinte a aquel no que apareza publicado o extracto de convocatoria neste Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios realizaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

Ribadeo, 11 de maio de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1219

## Anuncio

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21/2026**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 14/04/2026, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 21/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito pola cantidade de **18.000** euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
<b>A. Operacións non financeiras</b>				
<b>A.1 Operacións Correntes</b>				
1	Gastos de Persoal	5.922.784,42	0	5.922.784,42
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.206.720,07		5.206.720,07
3	Gastos Financeiros	65.371,83	0	65.371,83
4	Transferencias Correntes	450.545,72	0	450.545,72
5	Fondo de continxencia	129.477,44	0	129.477,44
<b>A.2 Operacións de Capital</b>				
6	Investimentos Reais	2.233.265,82	+18,000,00 -18,000,00	2.233.265,82
7	Transferencias de Capital	845.523,84	0	845.523,84
<b>B.- Operacións financeiras</b>				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	217.603,51	0	217.603,51
Total		15.099.297,71	0	15.099.297,71
<b>ESTADO DE INGRESOS</b>				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
<b>A. Operacións non financeiras</b>				
<b>A.1 Operacións Correntes</b>				
1	Impostos Directos	2.914.000,00	0	2.914.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.531.542,70	0	3.531.542,70
4	Transferencias Correntes	4.927.973,87	0	4.927.973,87
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0	12.809,02
<b>A.2 Operacións de Capital</b>				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0	0,00
7	Transferencias de Capital	1.077.518,17	0	1.077.518,17
<b>B.- Operacións financeiras</b>				
8	Activos Financeiros	1.148.814,68	0	1.148.814,68
9	Pasivos Financeiros	586.639,27	0	586.639,27
Total		15.099.297,71	0	15.099.297,71

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 14 de maio de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1273

### Anuncio

#### CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO SOCORRISTAS 2026. PERSOAL LABORAL TEMPORAL E CONSTITUCIÓN BOLSA EMPREGO

Por medio do Decreto de Alcaldía 2026-0600 aprobáronse bases específicas para a provisión, mediante contrato laboral temporal e mediante o sistema de concurso-oposición, de 6 postos de Socorristas actualmente vacantes e con constitución de bolsa de emprego, para a tempada estival 2026, para o período entre o 17 de xuño e 16 de setembro, polo procedemento de concurso-oposición.

Lugar e prazo da presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación será de 10 días hábiles que comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas e todos os actos relativos ao proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ribadeo ( <https://ribadeo.sedelectronica.gal/info.3> )

Ribadeo, 30 de abril de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1289

### TABOADA

#### Anuncio

#### RELACIÓN DE APROBADOS.

Concluído o procedemento para a provisión en propiedade DUNHA PRAZA DE LIMPADOR/A conforme BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE LIMPADOR/A PARA O CONCELLO DE TABOADA. PERSOAL LABORAL FIXO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 publicadas no BOP de Lugo nº 297 de data 29 de decembro de 2025 e o anuncio no BOE nº 19 de data 21 de xaneiro de 2026.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación LIMPADOR/A, que é a seguinte:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	CALIFICACIÓN FINAL
1	FERREIRO FERREIRO ENCARNACIÓN	***4611**	48,25
2	QUINTAS IRAGO MARÍA	***3957**	39,75

**SEGUNDO.** Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento como LIMPADOR/A a favor de:

FERREIRO FERREIRO ENCARNACIÓN	***4611**
-------------------------------	-----------

A aspirante proposta deberán acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente Anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Taboada, 15 de maio de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1274

## O VICEDO

### Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza municipal reguladora da tenza, defensa e custodia dos animais de compañía. Téndose publicado anuncio de información pública por prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 73, de 31 de marzo de 2026, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación ou suxestión, consonte ó preceptuado no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, enténdese definitivamente acadado o acordo ata entón provisional. Finalmente, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, procédese á súa íntegra publicación, podendo os interesados interpor, contra o acordo de aprobación definitiva, recurso contencioso - administrativo perante a sala do contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, os cales se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Vicedo, 15 de maio de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

### **“ORDENANZA REGULADORA DA TENZA, DEFENSA E CUSTODIA DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA.**

#### **FUNDAMENTO E RÉXIME.**

A Lei 1/1993, do 13 de abril, da Xunta de Galicia, desenvolvida polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, fixa as disposicións de carácter xeral que rexen sobre a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

Por outra banda, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, publicada no Boletín Oficial do Estado número 307, do 24 de decembro, establece o réxime xurídico de posesión de animais potencialmente perigosos.

O Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.

Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a posesión de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

Co fin de definir, como complemento das anteriores disposicións xerais, aqueles aspectos que se consideren específicos na aplicación de tales disposicións neste termo municipal e facendo uso das facultades que veñen dadas polo artigo 6 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, apróbase esta ordenanza que entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e transcorrido o prazo regulamentario a que se fai referencia nos artigos 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### A) Lexislación básica:

- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei xeral de sanidade de 1986.

#### B) Lexislación específica:

- Lei 1/1993, do 18 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.
- Cans guía: Real decreto 3250/83, do 7 de decembro.
- Núcleos zoolóxicos: Orde do 30-07-80; Decreto 1119/75, do 24 de abril.

#### C) Lexislación subsidiaria estatal:

- Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952.
- Regulamento de epizootias. Decreto do 4 de febreiro de 1995.
- Orde do 5 de decembro de 1974, que inclúe a lexislación anterior en materia de recollida de cans.
- Orde do 14 de xuño de 1976, modificada pola Orde do 16 de decembro de 1976.

### **TÍTULO I.- Obxectivos e ámbito de aplicación**

#### **Artigo 1**

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer a normativa que regule as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os que conviven cos humanos como os destinados a actividades deportivas ou lucrativas, facendo compatible a coexistencia dos animais cos seres humanos coa prevención dos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.

2. Con tal finalidade, a ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un gran número de persoas e a axuda que poden prestar polo adestramento e a dedicación, como no caso dos cans guía, dos traballos de salvamento e de todos os demais en que os animais domésticos proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas e de lecer.

3. Quedan excluídos desta ordenanza porque se rexen pola súa propia normativa:

- a caza, (agás os cans destinados a esta actividade),
- a pesca,
- a protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural,
- os touros e espectáculos taurinos tradicionais,
- a gandería entendida como cría de animais con fins de abasto,
- os animais destinados ao traballo, a proporcionar pel ou algún outro produto útil,
- cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do estado, corpo de policía da comunidade autónoma, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

## Artigo 2

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

- **Animais de compañía:** todo animal posuído ou destinado a ser posuído polas persoas, especialmente no fogar, para servir de lecer e como compañeiro.
- **Animal abandonado:** todo animal de compañía que non teña fogar ou non se atope no fogar do seu propietario ou posuidor e non estea baixo control ou vixilancia.
- **Animal salvaxe en catividade:** todo animal que, vivindo ceibe pola súa condición, fose obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
- **Animais potencialmente perigosos:** considéranse animais potencialmente perigosos todos aqueles que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptíbeis de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.
- **Comercio de animais de compañía:** o conxunto de transaccións practicadas de forma regular e con fins lucrativos que impliquen a transferencia de propiedade destes animais.
- **Cría e custodia comercial de animais de compañía:** a que se practica con fins lucrativos.
- **Microchip ou transponder:** cápsula portadora dun dispositivo electrónico que contén un código alfanumérico identificativo susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico.

## Artigo 3

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, as actividades que seguen, estarán suxeitas a comunicación previa, ou, de ser o caso, á obtención dunha licenza municipal previa nos termos que se determine na lexislación aplicable.

1. Os establecementos hípicas, sexan ou non de tempada, con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.
2. Os centros para animais de compañía destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente ou á subministración de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves ou outros cánidos destinados á caza e ao deporte, e que se dividen en:
  - **Lugares de cría:** para a reprodución e subministración de animais a terceiros.
  - **Residencias:** establecementos destinados a aloxamento temporal.
  - **Canceiras deportivas:** establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.
  - **Fatos:** establecementos destinados a gardar animais para a caza.
3. Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:
  - **Paxareiras:** para a reprodución ou a subministración de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.
  - **Subministradores de laboratorios:** para a produción e a subministración de animais con fins de experimentación científica.
  - **Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.**
  - **Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario,** como peixes, arácnidos ou réptiles.

**- Instalacións dedicadas á cría de animais para aproveitamento da pel.**

4. Se unha persoa física ou xurídica ten dous o máis animais de compañía para criar con finalidades comerciais, deberá solicitar e obter a correspondente licenza das autoridades municipais.

5. A celebración de todo tipo de eventos con participación de animais.

**TÍTULO II.- Sobre posesión de animais.**

**Capítulo I**

**Artigo 4**

1. O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, será responsable dos danos, prexuízos e molestias que ocasione, excepto nos casos de forza maior ou culpa exclusiva do damnificado.

2. Con carácter xeral autorízase a posesión de animais domésticos de compañía nos domicilios particulares, estando condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias evitables para os veciños ou para outras persoas.

3. Con tal finalidade, desde as 22.00 ata as 8.00 horas prohibese deixar nos patios, terrazas, galerías ou balcóns, aves e animais en xeral que cos seus sons, ouleos ou cantos perturben o descanso ou tranquilidade dos veciños. No resto do día tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polos seus propietarios ou posuidores cando, de maneira evidente, ocasionen molestias aos ocupantes do inmóbel ou inmóbeis veciños.

4. Os propietarios ou posuidores de animais estarán obrigados a proporcionarlles alimentación abonda e axeitada ás características de cada animal.

5. O propietario ou posuidor dun animal estará obrigado a practicarlle as curas axeitadas que precise e a proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias que cumpran ou que, de ser o caso, a autoridade municipal e outros organismos competentes dispoñan.

6. Os animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei do 20 de decembro de 1952 de epizootias deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento axeitado e posíbel. De non haber tratamento deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda da consciencia. Este precepto será de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que ofrezan refuxio aos animais perdidos ou extraviados.

7. O número de animais que poden aloxarse en cada domicilio ou inmóbel poderá ser limitado pola autoridade competente con base en informes técnicos motivados e atendendo ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

**Artigo 5**

1. O posuidor dun animal salvaxe en cativeidade é responsábel da súa protección e coidado, así como do incumprimento das obrigas previstas nesta ordenanza.

2. A posesión de animais en cativeidade procedentes de importación precisa un informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal. Así mesmo, os animais que pertencen a algunha das especies recollidas no CITES, (Regulamento 3626/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1982, relativo á aplicación na Comunidade do convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres) deberán posuír o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.

3. Prohibese a caza, captura, posesión, tráfico, comercio, venda e exhibición pública segundo o correspondente caso, tanto das especies adultas como crías, ovos e de tódalas especies e subespecies ameazadas, independentemente da súa procedencia, salvo nos casos que regulamentariamente determine a autoridade competente.

4. Prohibese a posesión de animais salvaxes perigosos para as persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

5. As medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta Ordenanza, así como as recollidas no artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeidade, aplicaranse tamén aos animais salvaxes en cativeidade.

**Artigo 6**

1. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos. Non obstante, en restaurantes, bares, cafeterías e similares, a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio do dono do establecemento sempre e cando non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para os concorrentes, sendo o propietario do animal o responsábel dos seus actos.

2. Prohibese a circulación e permanencia de cans, cabalos e outros animais en tódalas praias do Concello sinalizadas a tal efecto entre o 1 de maio e o 30 de setembro, en horario de 10:00 h. a 21:00 h. e, no caso dos

cabalos, faise extensible esta prohibición á permanencia nos cascos urbanos durante todo o ano, agás nos supostos recollidos no artigo 3 da presente ordenanza.

3. Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís ou naquelas zonas que o Concello determine atendendo ás súas dimensións ou réxime de usos.

4. Autorízase o traslado de animais nos medios de transporte público, sempre e cando se realice en cestas ou gaiolas. No caso dos taxis queda a criterio do condutor. Ámbolos casos estarán sempre condicionados a que sexan sostidos polos seus donos de forma que non ocupen os asentos.

5. O transporte de animais en vehículos particulares realizarase de forma que non poidan perturbar a acción do condutor nin se comprometa a seguridade do tráfico e de acordo coas normas previstas no Código da circulación.

#### **Artigo 7**

En establecementos hoteleiros e pensións, a estadia de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade ou molestia para os residentes. O propietario dos animais é, en todo momento, responsábel dos seus actos e deberá presentar a súa identificación acreditativa perante calquera axente da autoridade que o requira.

O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados o nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas ou similares, zonas de uso común de comunidades de veciños ou outras, estará suxeito ás normas que rexan nas ditas entidades.

#### **Artigo 8**

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 6 e 7 os cans guía que poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que estean acompañados polo seu dono e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevé na normativa sectorial aplicable.

#### **Artigo 9**

1. As persoas agredidas por animais darán inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias.

#### **Artigo 10**

1. Con carácter xeral nas vías e espazos públicos os cans deberán ir provistos de correa ou cadea. Exceptuarase desta obriga o suposto de zonas especialmente habilitadas polo Concello para o espallamento dos cans. Non obstante ao anterior, os cans potencialmente perigosos circularán sempre con bozo, mesmo nas referidas zonas.

2. Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

#### **Artigo 11**

O contido do rexistro de animais potencialmente perigosos é o establecido no Decreto 153/98 do 2 de abril e Lei 50/1999 do 23 de decembro e Decreto 90/2002 do 28 de febreiro.

1. Os propietarios ou posuidores de cans están obrigados a identificalos mediante un implante electrónico antes dos tres meses de idade ou ao mes da súa adquisición.

2. O implante electrónico deberá ter as seguintes características:

\* Estar pre-programado sen que permita a súa modificación posterior.

\* O sistema ten que manterse operativo a temperaturas ata os 70º C.

\* O código alfanumérico será único para cada animal, sen que poidan existir dous ou máis animais co mesmo código.

\* A estrutura do código alfanumérico que incorporen deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.784.

\* O sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e o lector deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.785.

\* O tamaño será inferior a 12 milímetros de longo e 2,5 milímetros de ancho.

\* Estarán dotados dun sistema antimigratorio e o seu recubrimento deberá ser biocompatíbel.

\* Presentaranse individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluírá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

\* A implantación no animal do código establecido será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto pola autoridade competente.

3. A morte, desaparición, cambio de domicilio ou transferencia de propiedade dos animais serán comunicados polos propietarios ou posuidores ao servizo correspondente dentro do período dos dez días seguintes a que se produzan.

4. O animal deberá ser identificado en presenza do seu propietario, figurando os seus datos nome, apelidos, enderezo, teléfonos de contacto e documento oficial de identificación e a súa sinatura no impreso oficial de identificación. Os responsábeis do rexistro e censo, despois de recibir a documentación remitida polo veterinario, no que constarán o nome, enderezo, número de colexiado, data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ó propietario, e no caso de animais potencialmente perigosos o número de veterinario colaborador, procederán a procesar os datos e enviarán ao propietario do animal o documento acreditativo da identificación.
5. Os datos dos propietarios gozarán da confidencialidade e reserva que establece a normativa vixente nesta materia.
6. Neste rexistro e censo levarase nota de: baixas, perdas ou traslados fóra do Concello así como cantos cambios se produzan na titularidade.
7. Rexistro e Censo Municipais poderán ser consultados por tódalas administracións públicas e autoridades competentes, así como por aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten interese lexítimo nos datos que constan nel. En todo caso, o tratamento dos datos será acorde co disposto na L.O 15/99 de protección de datos persoais. Neste senso serán responsable dos ficheiros o Secretario Xeral do Concello ou persoa en quen delegue.
8. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ós datos contidos no Rexistro e Censo exercitaranse mediante á presentación da correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello.
9. Os datos do Rexistro e Censo Municipal, que constarán en soporte informático, deberán ser remitidos ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía no prazo máximo de 15 días contados dende o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.
10. Todos os animais que figuren así inscritos, disporán da correspondente cartilla sanitaria na que constarán tódolos antecedentes de identificación e sanitarios desde a súa primeira inscrición ata a morte do animal. Esta cartilla deberá estar á disposición das autoridades para súa comprobación cando fose requirido o posuidor para a súa presentación.

## **Capítulo II.- Dos cans ou outros animais que conviven coas persoas.**

### **Artigo 12**

1. O posuidor dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta ordenanza.

### **Artigo 13**

A vacinación ou tratamento obrigatorio dos animais domésticos será realizada polo órgano competente da Xunta de Galicia, con base na facultade prevista no artigo 9.1 da Lei 1/93, do 13 de abril.

### **Artigo 14**

1. Exceptúanse do uso de correa ou doutro medio de suxeición, así como de bozo, os cans que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenvolvan as súas actividades no ámbito rural ou aqueles que se empreguen na caza no tempo e forma legal; os que en compañía dunha persoa responsable circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas ou forestais sempre que non concorran a presenza de terceiras persoas así como os cans guía de persoas con deficiencias visuais.
2. Queda absolutamente prohibido que os propietarios ou posuidores de cans, ou cabalos deixen as deposicións dos seus animais nas beirarrúas ou nas zonas de paso de peóns e, en xeral, en toda a vía pública.
3. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios ou posuidores dos animais e colocadas de xeito hixienicamente aceptábel nos colectores de recollida de lixo ou nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para este fin. Queda prohibido depositalas nas entradas dos sumidoiros.

### **Artigo 15**

As persoas que utilicen cans para a vixilancia de predios, obras ou calquera outra propiedade, deberán cumprir coas condicións establecidas no artigo 20 da Lei 1/93 do 13 de abril e, en todo caso, daranlles alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados. Así mesmo, deberán estar baixo a vixilancia e control do dono do inmóbel de forma que non poidan causar danos ás persoas, a outros animais ou ás cousas.

Advertirase en lugar visíbel a existencia dun can gardián.

### **Artigo 16**

1. Compete ao Concello a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no termo municipal.

### Capítulo III.- Animais potencialmente perigosos

#### Artigo 17

Consonte o establecido no decreto 90/2002 do 28 de febreiro de 2002, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

- a) Cans que tiveran algún episodio de agresión a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou a cousas.
- b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.
- c) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os pertencentes ás razas seguintes: Americano Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, os cruces destas razas entre si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.
- d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia e despois do informe dun adestrador ou veterinario designado para este efecto.

#### Artigo 18.- Licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos.

1. A tenza dos animais potencialmente perigosos requirirá a obtención previa dunha licenza administrativa outorgada polo concello, nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro e no artigo 3 do Real decreto 287/2002 de 22 de marzo.

A solicitude de licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos debe ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que acredite a maioría de idade.
- b) Certificado negativo de antecedentes penais expedido polo Rexistro do Ministerio de Xustiza no que non se indiquen condenas por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Certificado negativo de infracción administrativa expedido pola Delegación Provincial de Medio Ambiente de non ter sanción por infracción grave ou moi grave con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999 do 23 de decembro. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, de ser o caso, renovación da licenza, ter suspensións temporais anteriores desta, sempre que no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta estea cumprida integramente.
- d) Certificado expedido polos directores dos centros de recoñecemento que estean debidamente autorizados, no que se indique a disposición de capacidade física e aptitude psicolóxica para a posesión de animais potencialmente perigosos.
- e) Acreditación de formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a cento vinte e cinco mil euros (125.000 euros).
- f) Para a posesión de animais salvaxes en cativeiro potencialmente perigosos esixírase ademais unha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade.

2. Esta licenza deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención. Non obstante, a licenza perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de cumprir calquera dos requisitos do apartado anterior. Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo titular nun prazo de quince días, contado dende a data en que se produza, ao órgano competente do Concello do Vicedo.

3. Os donos dos animais potencialmente perigosos subscribirán un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vinte e cinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros, aínda que fose cedido a outra persoa para o seu coidado. A constitución do citado seguro será requisito indispensábel e previo para a identificación dos animais e inscrición no rexistro.

4. A licenza indicará o número, data de expediente, a validez, o nome, apelidos e DNI, o enderezo do titular e a fotografía recente deste.

5. Unha vez comunicado o outorgamento da licenza, concédeselle un prazo de 15 días para realizar a inscrición do can no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos.

6. A obtención da licenza para a tenza de animais salvaxes en cativeiro, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos especificados no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais. A dita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos

superiores ou medios que teñan acreditado no correspondente plano de estudos o coñecemento ou estudio de etoloxía animal.

#### **Artigo 19.- Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.**

1. Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, establecido con esta finalidade no Concello, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

2. Para a inscrición no rexistro, requiriranse os seguintes datos:

- Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, documento nacional de identidade e teléfono de contacto.
- Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, sexo, especie, raza, si é cruzamento de primeira xeración especificaranse as razas de procedencia, características externas.
- Número do microchip.
- Descrición da capa.
- Lugar habitual de residencia do animal.
- Función/aptitude do animal (compañía ou garda, defensa, caza).
- Certificado sanitario: expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.
- Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.
- Copia da licenza municipal de tenza de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

3. O concello remitirá os datos do Rexistro municipal ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos nun prazo de 15 días, dende a súa inscrición.

#### **Artigo 20.- Obrigas dos posuidores de animais en materia hixiénico-sanitaria.**

1. Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII e X.

2. O propietario, posuidor ou criador dun animal que agrida a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infectocontaxiosa.

#### **Artigo 21.- Obrigas dos posuidores de animais potencialmente perigosos en materia de seguridade cidadá.**

1. Os propietarios, criadores ou posuidores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

2. As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica precisarán cumprir as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais. Todas as instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade:

- a) As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixadas co fin de soportar o peso e a presión do animal, evitando as fuxidas.
- b) As portas das instalacións deben ser resistentes e estar deseñadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirilles danos.
- c) O recinto estará sinalizado coa advertencia de que se atopa no interior un animal potencialmente perigoso.

3. As instalacións en que se alberguen animais potencialmente perigosos deberán reunir as condicións establecidas na normativa sobre protección animal en Galicia, tendo en conta as especificacións técnicas correspondentes a cada especie.

4. Os animais potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa non extensíbel de lonxitude non superior a dous metros, provistos

do correspondente bozo homologado e axeitado para a súa raza, e en ningún caso poderán ser conducidos por un menor de dezaseis anos.

**Artigo 22.- Excepcións no cumprimento das obrigas dos propietarios de animais potencialmente perigosos.**

1. Cando as circunstancias así o aconsellen, poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas dos propietarios nos casos de:

- a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
- b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético.
- c) Probas de traballo e deportivas con fins á selección dos exemplares que participan nelas e que están autorizadas e supervisadas pola autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque, segundo o disposto no decreto 90/2002.

2. As establecidas pola autoridade competente en función do artigo 13.2 do Decreto 90/2002. Capítulo IV Dos cans e dos gatos abandonados.

**Artigo 23**

Queda absolutamente prohibido abandonar calquera clase de animal vivo, especialmente cans, sancionándose o feito como risco para a saúde pública.

**Artigo 24**

Considerarase can abandonado aquel que non teña dono coñecido e, en consecuencia, non estea censado nin identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza da persoa responsable.

**Artigo 25**

Sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de vacinación obrigatoria dos animais domésticos e tendo en conta o carácter voluntario de tal tratamento, aconséllase a desparasitación externa e interna (hidatidose), así como a vacinación de cans e gatos.

**Capítulo V. Protección dos animais**

**Artigo 26**

Quedan prohibidas con carácter xeral e con respecto a todos os animais de compañía as seguintes condutas:

1. Causar a súa morte agás en caso de enfermidade incurábel ou necesidade ineludíbel (co fin de evitar sufrimentos ao animal ante unha enfermidade incurábel) e sempre baixo control veterinario.
2. Maltratar ou agredir de calquera xeito aos animais, ou sometelos a calquera práctica que poida causarlles sufrimento ou dano non xustificado.
3. Desatendelos, non alimentalos axeitadamente, non limpalos, non sometelos a asistencia sanitaria, non aloxalos de acordo coas súas esixencias naturais ou deixalos no interior de vehículos pechados.
4. Encirralos contra as persoas ou de xeito que poidan danar as cousas.
5. Abandonalos, tanto na vía pública como en vivendas ou noutros lugares pechados ou deshabitados, soares e obras, na medida en que non sexan atendidos cumpridamente neses lugares.
6. Utilizalos en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades, se iso pode ocasionarlles sufrimentos, ou sometelos a condicións antinaturais, excluindo os espectáculos con regulamentación específica como resultan ser os taurinos.
7. Organizar pelexas entre animais ou encirralos a elas.
8. Exercer a venda de animais sen cumprir as condicións xerais sinaladas pola lei.
9. Exercer a venda ambulante de calquera animal, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados, e sen respectar as condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal e segundo a súa regulamentación específica.
10. Calquera outra conduta degradante que teña como vítima aos animais.
11. Queda expresamente prohibido, de acordo coa vixente lexislación, a posesión, exhibición, venda, compra o calquera outra manipulación con exemplares de fauna protexida, sexan vivos ou mortos.
12. Así mesmo os axentes da autoridade terán facultades para a confiscación dos espécimes a que se refire ou dos seus restos.

## Capítulo VI.- Das infraccións e sancións

### Artigo 27

1. Os axentes da autoridade e cantas persoas precisen ou coñezan feitos contrarios ao establecido nesta ordenanza teñen o deber de denunciar aos infractores.

2. Os animais dos propietarios denunciados por causarlles sufrimento, por non os aloxaren en condicións hixiénicas e biolóxicas axeitadas, por desobedecer medidas ditadas pola autoridade municipal, por infraccións contra normas sanitarias ou por desprezo ás normas elementais de convivencia, poderán ser retirados polos axentes municipais.

### Artigo 28

1. Para os efectos desta ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu abeiro.

2. A responsabilidade administrativa será esixíbel sen prexuízo do que corresponda no ámbito civil ou penal.

3. Nos casos de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os donos dos locais ou terreos en que se realicen, a título oneroso ou gratuíto, así como terceiras persoas que dun xeito ou outro participen.

4. Considéranse responsábeis das infraccións os que por erro ou omisión participaran na súa comisión, o propietario ou posuidor dos animais ou de ser o caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte en que se produciron os feitos e, neste caso, o encargado do transporte.

### Artigo 29

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, atendendo a criterios de risco para a saúde e seguridade das persoas, grao de negligencia, gravidade do prexuízo producido e reincidencia.

### Artigo 30

A tipificación das infraccións realízase de acordo coa Lei 50/99 do 23 de decembro e a Lei 1/93, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

1. Tipifícanse, xa que logo, como infraccións leves:

- Maltrato a animais que non lles cause dor.
- A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- A doazón de animais de compañía como premio.
- Non manter os animais en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- Mantelos en instalacións non axeitadas.
- Non facilitarlles a alimentación axeitada ás súas necesidades.
- Utilizar animais en traballos que os inmovilicen, causándolles dor.
- Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados
- Posuír un can non censado nin identificado consonte o previsto no artigo 11 desta ordenanza.
- Sacrificar animais en lugares públicos.
- Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública ou espazo público.
- Ocasionar molestias á veciñanza por incumprimento do establecido nos artigos 4.2 e 6.
- A entrada e permanencia de animais en locais dedicados á manipulación de alimentos.
- A circulación e permanencia de animais nas praias do Concello durante a tempada de verán, de maio a setembro, ambos inclusive, de 10h. a 21h. así coma nos parques infantís (artigo 6.3 da presente)
- Abandonar na vía pública ou espazo público cadáveres de calquera especie animal.
- A infracción do establecido no artigo 10.1 desta ordenanza
- Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non veña tipificada como infracción grave ou moi grave.
- As contempladas como infraccións leves no artigo 13.4 da lei 50/99.

## 2. Son infraccións graves:

- Maltratar animais causándolles dor.
- Mutilalos sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- Abandonalos.
- A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentarse contra a saúde, agás cando sexa por prescrición facultativa.
- Non vacinar ou non administrar algún tratamento obrigatorio aos animais.
- A venda de animais enfermos, agás que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- Ter animais perigosos sen as medidas de protección que estean fixadas.
- Incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.
- As contempladas como infraccións graves no artigo 13.2 da lei 50/99.
- Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infraccións leves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo ca outra anterior no prazo do ano posterior á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

## 3. Son infraccións moi graves:

- Maltrato a animais causándolles a morte.
- A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosas coñecidas.
- A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.
- As contempladas como infraccións moi graves no artigo 13.1 da lei 50/99.
- A reiteración en faltas graves.

Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe tal reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo cá que motivou unha sanción anterior no prazo dun ano seguinte á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

### Artigo 31

1. Consonte o establecido na Lei 1/93, do 13 de abril, as infraccións indicadas no artigo anterior serán sancionadas coas multas que seguen:

- b. As leves, de 30,00 a 300,00 euros.
- c. As graves, de 300,01 a 3.000,00 euros.
- d. As moi graves, de 3.000,01 a 15.000,00 euros.

2. Consonte ó establecido na lei 50/99 de 23 de decembro, as infraccións indicadas no artigo anterior que se refiran a animais potencialmente perigosos serán sancionados coas seguintes multas:

- a. As leves, de 150 a 300 euros
- b. As graves de 300,01 a 2.400 euros
- c. As moi graves, de 2.400,01 a 15.000 euros

### Artigo 32

Ademais das multas a que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- a. Peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos.
- b. A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais.

- c. A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono, para calquera tipo de infracción.
- d. No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

### Artigo 33

Para a gradación das multas ou determinación do tempo de duración da clausura a que fai referencia o artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A transcendencia social ou sanitaria ou o prexuízo causado pola infracción.
- O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
- A importancia do dano causado ao animal.
- A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

### Artigo 34

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e noutras disposicións regulamentarias que regulen o procedemento administrativo sancionador.

### Artigo 35

Ao abeiro do disposto na Lei do parlamento galego 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e o Decreto 153/98, do 2 de abril, que a desenvolve, a imposición das sancións previstas corresponde:

- Ao Alcalde, para as infraccións leves.
- Ao Director Xeral de Conservación da Natureza, para as infraccións graves.
- Ao Conselleiro de Medio Ambiente para as moi graves.

### Artigo 36

As infraccións previstas nesta ordenanza prescribirán, no caso das leves aos seis meses, das graves aos doce meses e das moi graves aos dous anos.

### Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación unha vez transcorrido o prazo a que se fai referencia no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

R. 1275

## VILALBA

### Anuncio

Por Decreto da Alcaldía número 2026-0098 de data 11/05/2026 aprobou as bases e a nova convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de electricista , coa creación de listaxe de agarda. É a que se transcribe no seu tenor literal:

Procedemento: Convocatoria e selección de persoal laboral temporal

Número de expediente: 2146/2026

Asunto: Bases polas que se establecen as normas para a creación dunha bolsa para a contratación de de dous electricistas ao abeiro do **Programa de Reforzo do Emprego** incluído no **Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026**, financiado pola Deputación Provincial de Lugo

### CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

<b>OBXECTO DAS BASES</b>	Convocatoria e creación dunha bolsa de contratación con carácter temporal de 2 electricistas ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 financiado pola Deputación Provincial de Lugo
<b>RELACIÓN XURÍDICA</b>	Laboral Temporal

<b>XORNADA E DURACIÓN DA RELACIÓN XURÍDICA</b>	Cada contratación terá unha duración de <b>6 meses</b> . Non tendo que ser estas no mesmo período. O aspirante nomeado prestará servizos na seguinte distribución horaria: Xornada Completa nos termos do Convenio Colectivo de Persoal Laboral do Concello de Vilalba. BOP nº 298 de 31/12/2018. A duración da bolsa será como máximo ata a cobertura definitiva de ambas prazas, sendo límite o 31/10/2027		
<b>CARACTERÍSTICAS DA PRAZA</b>	<b>Denominación das prazas</b>		
	2 electricistas		
	<b>Grupo e escala de encadramento</b>		
	Electricista. Grupo IV segundo o Convenio de persoal laboral temporal do Concello de Vilalba		
<b>RETRIBUCIÓN</b>	<b>Soldo</b>	<b>Prorrateo pagas extraordinarias</b>	<b>Total</b>
	1.603,41 €	267,24 €	1.870,65 €

### 1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO e SISTEMA DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura de dúas prazas de persoal laboral temporal na categoría de electricista, en réxime de xornada completa, segundo o previsto na subvención outorgada ao abeiro do Plan de Cooperación cos concellos 2026 da deputación provincial de Lugo.

Non obstante, a execución desta convocatoria será parcial, procedéndose unicamente á cobertura inmediata dunha das prazas. A segunda praza quedará condicionada á súa futura dispoñibilidade orzamentaria e organizativa, e poderá ser cuberta con posterioridade mediante chamamento directo, de conformidade coa lista de agarda que se xere neste proceso selectivo.

En ningún caso poderá ser chamada a cubrir a segunda praza a persoa que obtivese a primeira, aínda que esta se atopase dispoñible por cesamento, renuncia ou calquera outra causa. Esta exclusión ten por obxecto garantir o principio de rotación e evitar a repetición de nomeamentos para o mesmo posto nun mesmo procedemento.

A modalidade do contrato é a de eventual por circunstancias da produción, regulada polo artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal e a duración será de 6 meses a partir da súa formulación e en réxime de dedicación a tempo completo (37,5 horas semanais).

Fíxase una retribución bruta de 1.870,65 euros (inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias).

O sistema de acceso será o de Concurso.

### 2. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas;
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Posuír a titulación de graduado en ESO ou equivalente.**
- Estar en situación de desemprego ou mellora de emprego.** De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 11.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2026: *“É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a*

*situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente de concello."*

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento logo da superación das probas selectivas, debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo I** destas bases e que tamén se facilitará no Concello.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de **5 (cinco) días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 4.4)

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a causa de exclusión e concedendo un prazo de **3 (tres) días hábiles** para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

### 4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

#### 4.1) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

#### 4.2) Copia da titulación esixida,

A copia de titulación esixida será suficiente coa copia simple, en tanto os aspirantes seleccionados deberán presentar a copia cotexada ou orixinal, segundo o disposto no punto décimo das presentes bases de selección.

#### 4.3) Informe de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.

A primeira vez que se inscriba, e sempre que cambie a situación da súa demanda á de alta, obterá unha tarxeta que é o Documento Acreditativo do seu Rexistro como Demandante de Emprego (DARDE). Para máis información, pode consultar a web do Servizo Público de Emprego de Galicia.

#### 4.4) Méritos debidamente acreditados

##### 4.4.1 Experiencia laboral.

Para puntuar a experiencia laboral **deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado**, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados nas administracións públicas e organismos dependente destas, acreditarase mediante **certificacións de servizos prestados**, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderán acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.

Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante **contrato de traballo** inscrito no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) **ou nóminas** nos que se acredite o emprego desempeñado.

Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, na mesma instancia á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sra. Alcaldesa- Presidenta do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

#### **4.4.2 Acreditación da formación complementaria**

Deberá presentarse **COPIA COTEXADA** dos diplomas acreditativos de ter realizada a formación, nos que conste o número de horas lectivas.

A falta de acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

#### **4.4.3 Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso)**

A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Para estas prazas o Celga esixible é o Celga 3.

A acreditación do Celga 3 ou superior poderán presentarse ata o momento inmediatamente anterior á aprobación da lista definitiva de persoas admitidas, para os efectos da exención da proba de galego prevista nestas bases. Quen non acredite o devandito nivel nese momento deberá realizar a proba de galego correspondente ao nivel Celga 3.

### **5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

#### **5.1) Composición**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución da Sra. Alcaldesa- Presidenta, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase na Sede Electrónica do Concello.

#### **5.2) Asistencia ó Tribunal**

O Tribunal poderán dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

### **6. ACREDITACIÓN DO CELGA 3 OU NO SEU CASO PROBA DE GALEGO**

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: *"...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."*

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 30 minutos dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o Celga 3, ou estudos equivalentes, nos termos e prazos previstos no artigo 4.3.3 destas bases.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Realizarase a aqueles aspirantes que non dispoñan do CELGA 3.

## 7. FASE DE CONCURSO

**7.1) Experiencia profesional.** Valorarase ata un máximo de **15 puntos**.

7.1.1) Por servizos prestados na Administración Local como oficial electricista nos últimos 10 anos: 0,10 puntos por mes completo de servizos.

7.1.2) Por servizos prestados noutras Administracións Públicas como oficial electricista nos últimos 10 anos: 0,08 puntos por mes completo de servizos.

7.1.3) Por servizos prestados como autónomo no epígrafe 504 do IAE, no últimos 10 anos: 0,075 puntos por mes completo de servizos.

7.1.4) Por servizos prestados en empresas como oficial electricista nos últimos 10 anos: 0,07 puntos por mes completo de servizos.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo Organismo oficial no que se prestaron os servizos co detalle dos mesmos e as datas de inicio e fin da relación funcional e/ou laboral ou fotocopia compulsada da resolución de nomeamento, acta de toma de posesión, ou contratos de traballo aos que se acompañará en todo caso informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este último requisito non poderá ser subsanado. Para acreditar o traballo como autónomo deberá aportarse vida laboral onde se acredite o tempo traballado e o epígrafe correspondente, que de non figurar na vida laboral terá que aportar a alta de facenda ou un certificado de Facenda no que figuren algún dos mencionados epígrafes. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial. Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes logo da suma de todo o período de traballo valorado en cada un dos apartados e os meses consideraranse de 30 días naturais

**7.2) Formación complementaria.** Valorarase ata un máximo de **5 puntos**.

Cursos relacionados co posto a ocupar:

- Cursos de entre 30 e 60 horas: 0,30 puntos
- Cursos de entre 61 a 100 horas: 0,60 puntos
- Cursos ou títulos de entre 101 a 200 horas: 1,20 puntos
- Cursos ou títulos de máis de 200 horas: 2,50 puntos.

A xustificación deste apartado realizarase mediante título ou diploma no que debe constar a duración do curso/estudos en horas e como mínimo o título do mesmo, podendo ser impartidos por administracións, universidades, fundacións, e organizacións sindicais, etc, sempre que sexan homologados pola administración, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos. Os cursos nos que non se acredite o número de horas non se valorarán. Tampouco os inferiores a 30 horas de duración e os diplomas relativos a xornadas, simposios, seminarios e similares. Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas

Finalizada a fase de concurso o Tribunal Calificador fará pública o resultado das cualificacións dos aspirantes da fase de concurso, coa lista de aspirantes ordeados por puntuación.

## 8. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate resolverase de conformidade co indicado no punto onceavo das presentes bases.

## 9. PROPOSTA DE SELECCIÓN

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía - Presidencia. Dita proposta publicarase na Sede Electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Unha vez rematado o proceso elaborarse unha bolsa cos traballadores que superaron o proceso por orde de puntuación.

Os chamamentos efectuaranse seguindo a orde da bolsa. Ao remate de cada un dos chamamento ou se algún candidato renuncia ao chamamento, pasará ao final da lista.

## 10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria

O prazo de presentación será de **5 (cinco) días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección na Sede Electrónica e Taboleiro de Edictos da Corporación, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

## 11. EMPATES

Os casos de empate que se produzan dirimiranse da seguinte maneira: atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida nos apartado " concurso" do baremo" relativo ó da experiencia profesional.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados; a cuxos efectos tomarase coma letra primeira a «V» de conformidade coa Resolución do 25 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, que resultara de aplicación no presente proceso.

É dicir, segundo o resultado do devandito sorteo, a orde de desempate no presente proceso, iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos.

No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», e así sucesivamente, ata resolver finalmente o empate producido.

## 12. RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que a persoa aspirante acredita os requisitos esixidos para acceder ao posto/praza que se convoca, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando á persoa aspirante proposta e formalizando a toma de posesión correspondente dentro do prazo de **5 (cinco) días hábiles** seguintes á publicación do nomeamento no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vilalba.

Se, sen causa xustificada, non tomaran posesión dentro de devandito prazo, entenderase que renuncian á praza e ao nomeamento efectuada; e realizarase unha nova proposta de nomeamento/contratación a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.

## 13. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

## 14. RECURSOS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

---

Os prazos indicados para interpoñer os recursos referidos comezarán a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**ANEXO I:****SOLICITUDE DO INTERESADO**

DATOS DO INTERESADO	
<b>Nome e Apellidos</b>	<b>NIF</b>

DATOS DO REPRESENTANTE <i>(se fora o caso)</i>	
<b>Tipo de persoa</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Física</li> <li>• Xurídica</li> </ul>	
<b>Nome e Apellidos/Razón Social</b>	<b>NIF/CIF</b>
<b>Poder de representación que ostenta</b>	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
<b>Medio de Notificación</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Notificación electrónica</li> <li>• Notificación postal</li> </ul>			
<b>Dirección <i>(postal ou electrónica, en función do medio de notificación elixido)</i></b>			
<b>Código Postal</b>	<b>Municipio</b>	<b>Provincia</b>	
<b>Teléfono</b>	<b>Móbil</b>	<b>Fax</b>	<b>Correo electrónico</b>

OBXECTO DA SOLICITUDE
<p><b>EXPÓN</b></p> <p>Que, vista a convocatoria anunciada no <i>BOP Lugo</i>, en relación coa convocatoria e proceso selectivo mediante o sistema de concurso para a elaboración dunha bolsa para a contratación de dous electricista ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego incluído no <b>Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026</b>, financiado pola <u>Deputación Provincial de Lugo</u>.</p>

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público;
- Estar en posesión da titulación de Graduado en ESO ou estar en condicións de obtela, ou ben titulación equivalente;
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa;
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

## SOLICITA

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes á presente solicitude

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

O solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

MÉRITOS APORTADO POLO ASPIRANTE
EXPERIENCIA PROFESIONAL
a) Experiencia profesional desempeñada en Entidades Públicas
b) Experiencia profesional desempeñada en Entidades Privadas
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.CURSOS

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos	
A presentación desta solicitude implica a miña declaración expresa do solicitante sobre que foi informado de que o Concello de Vilalba vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
<b>Responsable</b>	Concello de Vilalba
<b>Finalidade Principal</b>	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes, co obxecto deste proceso selectivo.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
<b>Destinatarios</b>	Os datos cederanse ao Concello de Vilalba
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
<b>Información Adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="https://www.aepd.es/index.html">https://www.aepd.es/index.html</a></li> </ul>

---

Vilalba, 14 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1276

---

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial de expediente de crédito extraordinario núm. 2026/CE/01. Expte. 340/2026.**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 13/05/2026, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2026/CE/01, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, por importe de 81.512,33€, financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 17 de maio de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1290

---